



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONSORCIOS

#### CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

*Aprobación definitiva do Orzamento xeral, bases de execución e cadro de persoal do exercicio 2022*

Na sesión plenaria celebrada o día 26.11.2021, o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña acordou aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2022 e as bases para a súa execución, así como o cadro de persoal.

O expediente expúxose ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 228 con data do 30.11.2021.

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral e as bases para a súa execución, así como o cadro de persoal, en sesión plenaria de 29.12.2021, en cumprimento do disposto polo art. 169.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, fanse públicos os seguintes extremos: o resume por capítulos do Orzamento para 2022, o Cadro do Persoal (I) e o réxime de aplicación e recursos (III):

#### I. RESUME DO ORZAMENTO PARA 2022:

ESTADO DE INGRESOS			ESTADO DE GASTOS		
I	Impostos Directos	0,00	I	Gastos de Persoal	7.627.179,73
II	Impostos Indirectos	0,00	II	Gastos en bens correntes e servizos	1.809.901,74
III	Taxas e outros ingresos	2.613.949,00	III	Gastos Financeiros	10.000,00
IV	Transferencias correntes	8.032.287,02	IV	Transferencias correntes	1.083.756,59
V	Ingresos Patrimoniais	0,00	V	Fondo de continxencia	60.397,96
VI	Venta de inversións reais	0,00	VI	Inversións reais	55.000,00
VII	Transferencias de capital	0,00	VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos Financeiros	0,00	VIII	Activos Financeiros	0,00
IX	Pasivos Financeiros	0,00	IX	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS .....		10.646.236.02	TOTAL ESTADO DE GASTOS .....		10.646.236.02

#### II. CADRO DE PERSOAL:

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	TIPO	CORPO/ESCALA/CATEGORÍA	GRUPO
Secretario-interventor	1	F/S	H.N (SECRETARÍA INTERVENCIÓN)	A1
Técnico de administración local	1	F/S	A.X. (TÉCNICA)	A1
Administrativo	1	F/S	A.X. (ADMINISTRATIVA)	C1
Xerente	1	L	XERENCIA	III-1
Oficial	1	L	XERENCIA	I
Suboficial coordinador servizo	1	L	XERENCIA	III-2
Sarxento	1	L	XERENCIA	III
Administrativo-contable	1	L	A.X. (ADMINISTRATIVA)	III-4 ASIMILADO GRUPO C1
Auxiliar administrativo	1	L	A.X. (AUXILIAR ADMINISTRATIVA)	IV-4 ASIMILADO GRUPO C1
Sarxento-xefe de parque	10	L	PERSOAL DE INTERVENCIÓN	III
Cabo-xefe de quenda	53	L	PERSOAL DE INTERVENCIÓN	III-IV
Bombeiro	111	L	PERSOAL DE INTERVENCIÓN	III-IV
Técnico informático	1	L	-	-

**Tipo:**

L: Posto reservado a persoal laboral.

F/S: Posto singularizado reservado a funcionarios

Corpo/Escala ou categoría:

A.X.: Escala de Administración xeral.

A.E: Escala de Administración especial.

**H.N.: Funcionario con habilitación de carácter nacional.**

**III. ENTRADA EN VIGOR DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL E RÉXIME DE RECURSOS:**

O Orzamento de 2022 desta Entidade, entrará en vigor para a súa aplicación o día 01.01.2022 unha vez producida a presente publicación consonte prevé a estes efectos o art. 169.5 do citado texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e demais disposicións concordantes.

Contra a aprobación definitiva do dito Orzamento e documentos que o mesmo inclúe, poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal e na forma e prazos que establece a estes efectos a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen que dita interposición implique, por si mesma, a suspensión do orzamento definitivamente aprobado ou a súa inexecución, así mesmo, poderán interpoñerse cantos outros recursos ou accións procedan en Dereito.

Carballo, 29 de decembro de 2021.-

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso

2021/8966